- 28275 - 20563 (11/PRE-008160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a aprobación de proxectos e a concesión de axudas pola Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo

- 28099 - 20620 (11/PRE-008167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o funcionamento da depuradora da illa de Ons

- 28098 - 20710 (11/PRE-008178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis
Sobre o nivel de convivencia no ensino galego

- 28274 - 20971 (11/PRE-008203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis
Sobre a situación do sector vitivinícola da comarca do Ribeiro tras as tormentas acaecidas a finais de agosto e principios de setembro

- 28342 - 21043 (11/PRE-008208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para impulsar unhas axudas directas para os danos do pedrazo de setembro na comarca do Ribeiro

- 28272 - 21174 (11/PRE-008216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da situación provocada polo incendio en Ribas de Sil

- 28339 - 21258 (11/PRE-008224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rexenerar os espazos naturais afectados polos incendios forestais en Galicia

- 28190 - 21390 (11/PRE-008232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para frear a mortalidade de gaivotas no encoro de Vilagudín

- 28269 - 22209 (11/PRE-008298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre a destrución de emprego no sector agrícola en Galicia

- 28267 - 23931 (11/PRE-008453)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis
Sobre un novo Plan de financiamento universitario de Galicia 2022-2026

- 28096 - 24142 (11/PRE-008464)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre a desafectación do uso docente dunha vivenda dos mestres do concello de Nigrán para poder ser usada para fins sociais por parte da Administración municipal

- 28092 - 24377 (11/PRE-008488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a restitución da materia de francés no instituto de ensinanza secundaria de Becerreá

- 28187 - 25294 (11/PRE-008580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros públicos ordinarios

- 28090 - 25596 (11/PRE-008611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os informes que elaborou o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación

- 28125 - 18081 (11/PRE-008680)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción dunha residencia pública no concello de Padrón

- 28124 - 18096 (11/PRE-008693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa creación dun centro público de atención residencial en Boiro

- 28356 - 18339 (11/PRE-008836)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para habilitar axudas para o sector viveirista de planta e flor

- 27898 - 18376 (11/PRE-008843)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno da Xunta de Galicia de executar medidas urxentes e axudas directas á produción vitícola afectada pola pedra na Ribeira Sacra

- 28194 - 18502 (11/PRE-008892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as medidas que vai incluír o Goberno galego no novo pacto social pola vivenda que está a elaborar o Instituto Galego da Vivenda e Solo

- 28119 - 18513 (11/PRE-008902)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Política Social en relación co problema da insuficiencia de prazas en educación infantil de 0 a 3 anos no concello de Guitiriz

- 28117 - 18841 (11/PRE-009034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada, as súas intencións referidas á súa remisión ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación e mais as medidas que vai inserir nela

- 28116 - 18847 (11/PRE-009038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de dotar o concello de Narón dunha residencia de maiores de titularidade e xestión públicas

- 28115 - 18850 (11/PRE-009041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o número de persoas falecidas en residencias de maiores en Galicia durante a pandemia da covid-19 e as razóns polas que a Xunta non fai públicos os datos desagregados por centros

- 28111 - 18896 (11/PRE-009070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio, no ano 2021, da execución do proxecto de construción dunha escola infantil da rede A Galiña Azul no concello de Salceda de Caselas

- 28108 - 18900 (11/PRE-009072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para manter pechada desde o ano 2009 a casa da Quintán, no concello de Ponte Caldelas

- 28440 - 19165 (11/PRE-009239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os datos referidos ás vivendas adxudicadas, ás persoas inscritas e ás baixas rexistradas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda en cada un dos anos de vixencia do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020 ou Plan RehaVita



- 28439 - 19185 (11/PRE-009250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a avaliación por parte do Goberno galego da actual situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, as razóns do incumprimento dos obxectivos previstos ao respecto no Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, e as súas intencións en relación co impulso de novas medidas para rebaixar a espera e a saturación dese rexistro

- 28438 - 19200 (11/PRE-009260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a área protexida dos penedos de Pasarela e Traba, entre os concellos de Vimianzo e Laxe

- 28437 - 19245 (11/PRE-009292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda

- 28105 - 19438 (11/PRE-009348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co uso de cans de asistencia para promover a autonomía persoal

- 28102 - 19552 (11/PRE-009387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, nomeadamente da Escola Infantil As Galeras, de Oleiros

- 28346 - 20374 (11/PRE-009456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a prevención dos lumes en Galicia

- 28192 - 20560 (11/PRE-009503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados pola Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo para a aprobación de proxectos e a concesión de axudas

- 28097 - 20713 (11/PRE-009521)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a situación da formación profesional en Galicia



- 28343 - 21042 (11/PRE-009556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre o apoio ás producións vitivinícolas afectadas pola sarabia dos primeiros días de setembro na comarca do Ribeiro

- 28271 - 21175 (11/PRE-009565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a situación provocada polo incendio en Ribas de Sil e as actuacións de prevención realizadas na Ribeira Sacra

- 28340 - 21257 (11/PRE-009574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rexenerar os espazos naturais afectados polos incendios forestais en Galicia

- 28191 - 21389 (11/PRE-009581)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación co problema xerado pola mortalidade de gaiotas no encoro de Vilagudín

- 28266 - 23932 (11/PRE-009805)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre un novo Plan de financiamento universitario de Galicia 2022-2026

- 28189 - 24359 (11/PRE-009837)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a nova planta de residuos prevista para instalar no concello de Riotorto

- 28337 - 24782 (11/PRE-009872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co rexeitamento, por parte da Real Federación Galega de Fútbol, dun certificado de empadramento dun aspirante a federarse por estar en galego

- 28188 - 25293 (11/PRE-009931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros públicos ordinarios



- 28089 - 25597 (11/PRE-009963)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os informes que elaborou o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación

- 28264 - 25701 (11/PRE-009973)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as acusacións que fai o Goberno galego ao exsubdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural do Agader e director do Banco de Terras

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 24 de xaneiro de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican o Regulamento (UE) 2018/1727 do Parlamento Europeo e a Decisión 2005/671/ JAI do Consello no que respecta ao intercambio de información dixital en casos de terrorismo [COM(2021) 757 final] [2021/0393 (COD)] { SWD(2021) 391 final}

-11/UECS-000128 (28470) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican o Regulamento (UE) 2018/1727 do Parlamento Europeo e do Consello e a Decisión 2005/671/ JAI do Consello no que respecta ao intercambio de información dixital en casos de terrorismo [COM(2021) 757 final] [2021/0393 (COD)] { SWD(2021) 391 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28470, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican o Regulamento (UE) 2018/1727 do Parlamento Europeo e do Consello e a Decisión 2005/671/ JAI do Consello no que respecta ao intercambio de información dixital en casos de terrorismo [COM(2021) 757 final] [2021/0393 (COD)] { SWD(2021) 391 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:



1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 24 de xaneiro de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a dixitalización da cooperación xudicial e do acceso á xustiza nos asuntos transfronteirizos civís, mercantís e penais, e polo que se modifican determinados actos legislativos no ámbito da cooperación xudicial [COM(2021) 759 final] [COM(2021) 759 final anexos] [2021/0394 (COD)] { SEC(2021) 580 final} { SWD(2021) 392 final} { SWD(2021) 393 final}

-11/UECS-000129 (28471) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a dixitalización da cooperación xudicial e do acceso á xustiza nos asuntos transfronteirizos civís, mercantís e penais, e polo que se modifican determinados actos legislativos no ámbito da cooperación xudicial [COM(2021) 759 final] [COM(2021) 759 final anexos] [2021/0394 (COD)] { SEC(2021) 580 final} { SWD(2021) 392 final} { SWD(2021) 393 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28471, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a dixitalización da cooperación xudicial e do acceso á xustiza nos asuntos transfronteirizos civís, mercantís e penais, e polo que se modifican determinados actos legislativos no ámbito da cooperación xudicial [COM(2021) 759 final] [COM(2021) 759 final anexos] [2021/0394 (COD)] { SEC(2021) 580 final} { SWD(2021) 392 final} { SWD(2021) 393 final}.



Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o déficit de prazas e centros de día en Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de día son un servizo público fundamental para garantir o dereito a unha vellez digna na contorna familiar e comunitaria das persoas. Trátase, pois, dun recurso fundamental na atención e o coidado das persoas maiores, na prevención da dependencia, na profesionalización dos coidados mais tamén, no dereito de conciliación e descanso das persoas que coidan.

Porén, Galiza conta cun número insuficiente de centros e de prazas como reflicten os estudos máis recentemente publicados polo CES e o Foro económico de Galiza.

No noso país hai 250 centros de día cun total de 9.521 prazas





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2020 (1)

	Privadas		Iniciativa pública		Iniciativa social		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Residenciais								
Galicia	195	9.527	85	4.960	103	7.457	383	21.944
A Coruña	60	3.487	21	1.748	20	1.763	101	6.998
Lugo	24	1.618	27	1.098	22	1.368	73	4.084
Ourense	65	1.665	26	1.098	43	3.075	134	5.838
Pontevedra	46	2.757	11	1.016	18	1.251	75	5.024
Centros de día								
Galicia	130	5.092	103	3.727	17	702	250	9.521
A Coruña	43	1.767	33	1.413	10	405	86	3.585
Lugo	15	748	29	867	2	74	46	1.689
Ourense	13	397	19	612	2	113	34	1.122
Pontevedra	59	2.180	22	835	3	110	84	3.125

(1) datos a 31 de decembro de 2020
 Fonte: Consellería de Política Social

Esta situación fai que a taxa de cobertura dos centros de día en Galiza sexa escasa no 43,5% do territorio, como sinala o Foro económico no informe Galiza 2040 sobre dinámicas demográficas.

“Os centros de día, concibidos coma un recurso de proximidade e conciliación, están ausentes na meirande parte do territorio galego e intensamente concentrados na contorna urbana, deixando desatendida a demanda naqueles lugares onde a dispersión da poboación é maior. A iniciativa privada prové máis do 60% da oferta mentres que o resto corresponde ao sector público, vinte puntos por debaixo da media estatal”, sinala o Foro.

Asemade, concellos como Rianxo, Vilalba ou Arzúa, vilas importantes que exercen como cabeceiras comarcais, non dispoñen deste recurso véndose obrigada a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación a desprazarse a outras localidades limítrofes para poder acceder a un centro de día o que racha co principio de proximidade e equilibrio territorial que esixe a Lei de servizos sociais de Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora a Xunta de Galiza o número de centros de día e prazas que existen actualmente en Galiza?

. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para garantir o dereito de acceso a un centro de día á poboación que o precisa actualmente e a futuro?

. Conta con algunha planificación de implantación de novos centros?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2022 11:16:55

Iria Carreira Pazos na data 21/01/2022 11:16:59

Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2022 11:17:10



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Entendemos que a verdadeira causa da epidemia dos incendios forestais en Galicia é a inexistencia de instrumentos de planificación, co que ao non ter o tratamento debido prodúcese ano tras ano. Parece que a única vacina que ten o Goberno galego e ti vai facendo a ver si cola.

Para o Partido Socialista un cimento básico para establecer unha estratexia que pare esta lacra, e como reflicte ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada desde 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que sufriu Galicia en outubro de 2017, e que deberá asumirse o compromiso temporizado de elaboración dos PORF de todos os distritos no período 2019-2024, dándolles prioridade a aqueles máis afectados polos incendios forestais.

Galicia non pode ter medio millón de hectáreas improdutivas, que cunha planificación e ordenación do territorio poderíanse aproveitar sustentablemente de forma multifuncional.

Co dito queremos que se faga unha primeira reestruturación dos distritos forestais conforme ao ditame do grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais que foi entregado ao Parlamento no verán do 2019, que expresaba a necesidade de consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais.

Como a mellor fonte é a que nos din os responsables da Consellería de Medio Rural, esperamos que polo menos hoxe saibamos o ámbito territorial dos distritos que haberá que sinerxialo co territorio dos PORF, dada a súa vinculación segundo a normativa vixente. No artigo 74 da Lei 7/2012 de montes de Galicia di: “a Administración forestal elaborará os PORF como instrumentos de planificación



forestal, que afectarán preferentemente a cada distrito forestal”. Aínda que o derogado Decreto 43/2008, do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos PORF para Galicia, no seu artigo 2 dicía: “decláranse como ámbito territorial dos PORF, a efectos do artigo 31.4º da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, cada un dos 19 distritos forestais de Galicia”.

Conforme ao principio de participación pública, para cando nos distritos forestais constituiranse os comités forestais.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi a incidencia de lumes en Galicia no ano 2020 e 2021, con distribución provincial, comarcal e por distritos, con indicación de superficie queimada rasa e arborada?
2. Cando vai presentar o mapa de riscos de incendios forestais segundo o previsto na Lei 3/2007 no seu artigo 49.1?
3. Cal é a distribución territorial e de medios para a loita contra os incendios forestais na nosa Comunidade Autónoma?
4. O reparto de medios para a loita contra os incendios forestais na nosa comunidade no exercicio 2021 axustouse ao modelo elaborado polo grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais?
5. Cando vai presentar a Consellería de Medio Rural presentar no PLADIGA 2022, a reestruturación dos medios conforme ao algoritmo establecido polo grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais?
6. Cando vai presentar a Consellería de Medio Rural a tan mentada reestruturación dos distritos forestais?
7. Como se vai realizar a distribución de persoal nos distritos forestais segundo as funcións que deben desenvolver no territorio as dúas direccións xerais?
8. A Consellería de Medio Rural vai constituír os comités forestais nos distritos forestais como mecanismos de participación activa dos diferentes axentes existentes en cada distrito, como así o fixa a Recomendación do Ditame número 7 do Decreto 140/2021?



9. Cando vai elaborar os PORF, para dar cumprimento ás recomendacións do Ditame do Parlamento (RD2), ao ter os resultados do IFCG (medida V.1.1 do PFG)?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/01/2022 11:44:34

Martín Seco García na data 21/01/2022 11:44:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a dotación cun novo ximnasio cuberto ao IES Xoán Montes de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do IES Xoán Montes de Lugo vén reclamando desde hai tempo a dotación deste centro cun espazo cuberto no que poder practicar o alumnado deporte e actividade física pois, na actualidade, apenas dispón dunhas instalacións situadas no soto do edificio –que non son acaídas en tempos de pandemia-- e dunha carpa instalada no patio exterior.

O IES Xoán Montes atópase na rúa Montevideo, na contorna da Muralla e, polo tanto, conta coa debida protección patrimonial o que condiciona calquera obra ou actuación no edificio ou arredores. Porén, a Xunta de Galiza como máxima responsábel do sistema educativo galego debe garantir que todo o estudantado do país conta coas instalacións e infraestruturas precisas para o desenvolvemento do proxecto educativo.

Para o Bloque Nacionalista Galego é necesario, pois, estudar todas as posibilidades posíbeis para a dotación do IES Xoán Montes de Lugo cun ximnasio cuberto ponderando, obviamente, a debida protección patrimonial.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa o alumnado do IES Xoán Montes a respecto das instalacións dirixidas á realización de actividade física?

. Desenvolveu o Goberno galego algunha medida ou estudo para valorar a posibilidade de dotar o IES Xoán Montes dun ximnasio cuberto?

. De ser así, cal? En caso contrario, por que non?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/01/2022 12:13:21

Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2022 12:13:24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os pronunciamentos da sentenza do TSX de Galiza relativa a actuación da Xunta de Galiza en relación coa autorización para a ampliación dunha explotación avícola en Rairiz de Veiga (Ourense).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de novembro de 2021 a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ven de ditar sentenza pola que estimando o recurso interposto por varios veciños declara a nulidade da resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático na que se formula informe de impacto ambiental sobre o proxecto de ampliación dunha explotación avícola na parroquia de Santa María de Congostro no concello de Rairiz de Veiga en Ourense.

A aprobación do proxecto de ampliación suporía incrementar a capacidade produtiva da explotación avícola dos actuais 22.932 polos por ciclo produtivo ate 47.970 polo por ciclo, que tendo en conta que en cada ano se desenvolven aproximadamente 6 ciclos produtivos, a produción anual da explotación pasaría a ser de 287.820 polos/ano. É lóxico deducir que o incremento nun 100% na cría de polos leva aparellada un aumento análogo na produción de residuos e coa coherente afectación ao medio ambiente na mesma ou similar proporción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras analizar o expediente administrativo, así como a documentación e informes presentados polas partes, o TSX de Galiza resolve anular a resolución da Xunta de Galiza sobre a base de consideracións tan contundentes como elocuentes do pouco respecto do Partido Popular coa conservación do medio ambiente e da produción económica e socialmente sustentábel.

Determinado que a explotación avícola intensiva está situada dentro da Zona de Especial Protección de Aves da Limia, a 400 m. do LIC “Veiga de Ponteliñares”, dentro da, declarada pola Unesco, Reserva Biosfera del área de Allariz, o TSX de Galiza manifesta que:

- Non se presentou xunto co proxecto a documentación legalmente exigible, omitíndose na solicitude que a explotación intensiva cuxa ampliación se interesa está en Rede Natura 2000 e que existen vivendas, non só próximas, senón colindantes.

- Non se realiza valoración conxunta do impacto no medio ambiente tendo en conta a situación preexistente (explotación existentes, estado da contaminación dos recursos hídricos e dos solos...), nin sequera se analiza a eventual afectación que puidera producir nun río transfronteirizo como é o Limia.

-Igualmente aprecia o Tribunal que a Xunta de Galiza non valora axeitadamente outras posíbeis localizacións como esta legalmente establecido, máxime ao tratarse dunha zona de especial protección de aves dentro dunha Reserva de Biosfera...

- No proxecto non figura “ningunha motivación que supoña unha avaliación directa ou indirecta das repercusións que o proxecto teña no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do espazo Rede Natura 2000. Considerando cuestionable que a Xunta de Galiza valore favorablemente aspectos (esenciais) que o propio proxecto obvia e non valora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto tampouco contén valoracións sobre as repercusións da ampliación nos obxectivos de conservación relativos á ZEPA, o a zona LIC A Veiga de Ponteliñares.

- Non existe unha axeitada avaliación das repercusións medioambientais nos recursos hídricos, que presentan altos niveis de contaminación por nitratos que podería ser atribuída -segundo estudos técnicos realizados pola Universidade de Vigo - á lixiviación dos fertilizantes e a exceso de residuos gandeiros.

- Infracción do denominado polo Dereito Comunitario Europeo como principio de Cautela que implica que as autoridades competente deben adoptar medidas apropiadas para previr certos riscos potenciais para a saúde pública, seguridade e medio ambiente. Neste caso tendo en conta a afectación que o proxecto de ampliación da explotación podería provocar emisións de po, cheiros e ruídos coa actividade, podería provocar a emisión de amoníaco e mesmo de emisións zoonóticas... sería necesaria unha avaliación científica dos riscos e perigos e do seu alcance e consecuencias. Nada disto consta, mais a Xunta de Galiza dálle igual.

Igualmente apreza o Tribunal a existencia de vulneración de dereitos fundamentais da veciñanza como á enervación do dereito de defensa, información e participación ou do dereito á saúde, intimidade, inviolabilidade do domicilio ou a desfrutar dun medio ambiente axeitado.

Xa que logo estamos ante a aprobación por parte da Xunta de Galiza dun informe de impacto ambiental nunha zona sensible e de grande importancia medioambiental, económica e social sen contar con informes e estudos que permitan avaliar a repercusión e consecuencias do proxecto, a pesares de que son legalmente exixibles; impedindo asemade o exercicio de dereito de defensa por parte da cidadanía





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente atinxida pola posta en marcha da ampliación da explotación avícola intensiva.

Existindo a maiores unha dúbida, sobre se este é o proceder (ou desleixo) habitual da Xunta de Galiza ou trátase dunha excepcionalidade “ad personam”, dada a estreita relación da sociedade promotora co Partido Popular e a condición de concelleiro en Rairiz de Veiga do suposto máximo responsable da mesma.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora a Xunta de Galiza os pronunciamentos realizados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na súa sentenza de 19 de novembro de 2021 relativa ao informe de impacto medioambiental dunha explotación avícola en intensivo no concello de Rairiz de Veiga?

. Considera a Xunta de Galiza que para autorizar un ampliación que duplique a produción dunha explotación avícola en intensivo en Rede Natura, zona ZEPA, preto de LIC e con eventual afectación a un río transfronteirizo debe contarse con informes e valoracións que contemplen a situación medioambiental previa, os obxectivos das zonas de protección e o número e características das explotacións preexistentes?

. Coñecía a Xunta de Galiza a existencia de cando menos unha vivenda que lindaba coa explotación avícola?

. Por que razón non se permitiu, dende que o solicitaron a intervención dos veciños no procedemento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A actuación da Xunta de Galiza neste procedemento, o seu desleixo respecto da protección do medioambiente e a relaxación na protección dos dereitos fundamentais das persoas é a normal ou no presente caso concorreu algún tipo de circunstancia singular?

. Que medidas ten previstas implementar a Xunta de Galiza para corrixir a orde xurídica perturbada, así como para evitar a reprodución de situacións análogas?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 24/01/2022 09:34:46

María González Albert na data 24/01/2022 09:34:50

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2022 09:35:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/01/2022 09:35:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza despois dunha nova demoledora sentenza xudicial do TSX respecto da falta de garantías democráticas da súa política eólica e a incompatibilidade co dereito comunitario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 21 de xaneiro o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza daba a coñecer unha nova sentenza xudicial que pon en entredito a política eólica do goberno do Partido Popular e, singularmente, a falta de garantías democráticas e a relaxación na análise e fiscalización dos informes necesarios para avaliar estes proxectos industriais.

A sentenza número 00017/2022 do TSX anula a autorización da Xunta para repotenciar o parque eólico G3 de Corme por reducir á metade, de 30 a 15 días, o prazo para a consulta pública no procedemento do informe de impacto ambiental argumentando a súa colisión co dereito comunitario e a súa falta de fundamento. Así mesmo, a sentenza fai mención tamén á situación xerada pola tramitación de determinados informes sectoriais de forma simultánea ao sometemento a información pública impedindo de tal maneira o exercicio democrático da participación e coñecemento suficiente da dimensión do proxecto.

Xa en decembro de 2020 o Grupo Parlamentario do BNG advertía de que este proxecto afectaba un lugar de grande interese ambiental e cultural, espazos protexidos pola Rede Natura (ZEPA e ZEPVN), unha área de especial interese paisaxístico e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espazos con xacementos arqueolóxicos ademais de turbeiras e dun humidal protexido, o Pozo da Lagoa. Así mesmo, advertiu tamén da opacidade, falta de información, nula participación e polos abusos e irregularidades cometidos pola empresa coa complicidade das administracións.

Cómpre recordar que ademais o goberno galego autorizara esta repotenciación no ano 2019 ocultando con aleivosía o acordo do Consello da Xunta, como vén sendo habitual. Así mesmo, ao non terse aprobado no seu día a suspensión cautelar do proxecto, a realidade é que esta sentenza chega tarde, cando o dano está xa feito e é irreparable. É necesario recordar que as repotenciacións, pensadas como un mecanismo para, en previsión dos avances tecnolóxicos, reducir impactos de diversa índole e aumenta a eficiencia enerxética, non está exenta de problemas nin é inocua. Precisamente a transformación do sector na última década vai acompañada de novas dimensións dos aeroxeneradores e dun aumento do impacto das obras asociadas, polo está a supoñer de facto un novo proceso industrial. Polo tanto, este factor, sumado á teórica evolución do marco de protección ambiental, que sobre o papel incorpora novas condicións de prevalencia dos intereses medioambientais incardinados na protección de recursos estratéxicos para a loita contra a crise climática, fai que en determinados casos poida ser desaconsellable a repotenciación. A falta de garantías sobre o sector fai que nestes momentos as repotenciacións estean a ser focos de graves problemas.

É necesario recordar que este recorte de garantías democráticas foi impulsado na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza, fortemente contestada pola sociedade galega e colectivos sociais e sindicais no seu momento e alcumada como “lei de depredación” por supoñer unha alfombra vermella á actividade eólica e extractiva sen as debidas garantías ambientais, de control democrático e económicas. Nesta lei afondouse tamén na manga ancha do Consello da Xunta para aplicar a supramunicipalidade a discreción. Así mesmo, esta liña foi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

continuada polo Partido Popular na tramitación e aprobación da lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza, empregando a coartada da pandemia da covid-19 para elaborar unha nova regulación eólica.

Esta nova sentenza amosa o caos legislativo que existe en Galiza respecto da regulación eólica, que suma dez modificacións e sobre a que o goberno galego xa anunciou unha nova modificación de cara á tramitación da futura lei de áreas empresariais menos dun mes despois da entrada en vigor da lei de orzamentos para o ano 2022 que tamén introducía mudanzas e unha teórica “moratoria”. A todo isto, hai que sumar un Plan Sectorial obsoleto.

Esta situación só fai agravar a alarma social existente en Galiza, desde o ecoloxismo, as comunidades de montes, asociacións de defensa do patrimonio, concellos, etc. Durante o último ano e medio, malia a pandemia, estamos a ver mobilizacións sociais por todo o territorio ante a proliferación de proxectos e a falta de procesos de participación e garantías suficientes. Recentemente mesmo o Consello da Cultura Galega pronunciábase ao respecto cun demoledor informe. A situación é tan grave e paradoxal que mesmo a propia patronal e empresariado están a criticar o marco da Xunta, que segue bloqueado administrativamente pola falta de persoal e de eficiencia e que se traduce en que malia esta situación, o sector tampouco avanza.

É necesario, polo tanto, que a Xunta de Galiza asuma responsabilidades sobre este asunto e rectifique dunha vez por todas impulsando un marco legal e procedimental adecuado coas debidas garantías para todas as partes, con diálogo e participación social.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que responsabilidades e rectificacións asume o goberno galego despois da demoledora sentenza do TSX respecto da repotenciación do parque eólico de Corme?

. Asume o goberno galego que o marco legal que construíu está en entredito e que debe derrogalo para impulsar un novo?

. Como valora os contidos da sentenza, singularmente respecto da vulneración do marco comunitario e a tramitación dos informes?

. Como valora o impacto desta e outras sentenzas nas leis de 2017 e 2021 que modifican o sector eólico? E nas mudanzas impulsadas na lei de orzamentos de 2022 e nas que prevé impulsar na futura lei de áreas empresariais?

. Asume o goberno galego que a súa constante improvisación legislativa no sector eólico agrava os problemas vixentes e que é necesario impulsar un novo marco regulatorio?

. É consciente o goberno galego de que é responsábel da falta de garantías democráticas para a cidadanía galega?

. É consciente o goberno galego de que é responsábel da falta de garantías de protección medioambiental e patrimonial?

. É consciente o goberno galego de que é responsábel de que o sector eólico sexa visto pola sociedade como un problema?

. A que proxectos pode afectar o impacto esta sentenza?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2022 10:20:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/01/2022 10:20:50

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 10:20:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou o 7 de novembro de 2019 o proxecto de repotenciación do parque eólico de Corme G-3, no promontorio do Roncudo, unha zona de alto valor paisaxístico e ambiental que está parcialmente incluída na Rede Natura (ZEC Costa da Morte e ZECA Costa da Morte Norte). Nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllas propostas de ampliación do ámbito de protección desta zona pola presenza de hábitats de interese comunitario e interese prioritario, iniciativas que foron paralizadas polo goberno da Xunta.

Na execución das obras do citado proxecto, no que se retiraron 61 aeroxeradores de 45 m de altura e se instalaron 7 de 150 m de altura, producíronse numerosos abusos por parte da empresa promotora, que foron denunciados publicamente pola veciñanza e recollidos en reportaxes fotográficas e audiovisuais.

Mais o máis grave é que se produciron abusos por parte da administración autonómica, tal como se recolle na sentenza do TSXG do pasado 21 de xaneiro de 2022, polo que se anula o acordo do Consello da Xunta no que aprobou o citado proxecto. Se ben a sentenza non é firme e pode ser recorrida en casación no Tribunal Supremo, nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Fundamentos de dereito” describe a vulneración por parte da Xunta da normativa comunitaria e da lexislación ambiental.

Por outra parte, a respecto da afectación de un dos aeroxeradores ao humidal “Poza da Lagoa”, incluído no Inventario de humidais de Galiza, a sentenza fai referencia ao informe de “Emberiza Estudios Ambientais, SL que recolle que aquela superficie clasifícase no EsIA como un Hábitat de Interese Comunitario, identificándoa dentro do tipo (3110)... a cuxo efecto propuxo como medida preventiva para evitar afeccións sobre as poboacións de anfibios, aves e demais fauna e a flora, o balizamento de toda a extensión, así como o seguimento exhaustivo de toda a zona ocupada pola charca mediante o oportuno plan de vixilancia ambiental”.

Das fotografías e vídeos que se fixeron na contorna do parque dedúcese que se produciu un importante impacto neste humidal, así como noutros elementos patrimoniais, paisaxísticos e ambientais afectados polas obras de construción do parque.

En relación coa política eólica do goberno galego, nas últimas semanas producíronse acordos de plenos de concellos e informes de organismos públicos (Consello da Cultura Galega e Observatorio Eólico de Galicia) que cuestionan no fondo e na forma a planificación eólica da Xunta e o desenvolvemento da mesma.

A contestación a un *modus operandi* que favorece os intereses das grandes empresas tradúcese en mobilizacións sociais e en presentación masiva de alegacións. E tamén na apertura da fronte xudicial, coa presentación de recursos como o que vén de anunciar a organización ecoloxista Adegas contra a aprobación dos parques Bustelo, Campelo e Toural, promovidos por Greenalia.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora o goberno galego a sucesión de sentenzas xudiciais que anulan acordos do Consello da Xunta polos que se aproban parques eólicos?

. Quen vai asumir as responsabilidades pola anulación da aprobación polo Consello da Xunta da repotenciación do parque eólico Corme G-3, logo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza?

. Como valora o goberno galego os recursos presentados por Adegas contra a aprobación dos parques eólicos Bustelo, Campelo e Toural, da empresa Greenalia?

. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para garantir o cumprimento da normativa ambiental e os dereitos da cidadanía á información e participación en materia de medio ambiente?

. Como prevé a Xunta garantir o cumprimento da normativa ambiental nos proxectos en tramitación aprobados como iniciativas empresariais prioritarias?

. Vai atender a Xunta as recomendacións do informe do Consello da Cultura Galega sobre “Enerxía eólica e paisaxes culturais de Galicia”?

. Que seguimento fixo o goberno galego das medidas preventivas e de protección do patrimonio natural e cultural na contorna das obras, nomeadamente das medidas previstas en relación co humedal inventariado da Poza da Lagoa?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Esta modificación foi sometida a información pública e conta con informes desfavorábeis de varias administracións: do Ministerio para a Transición Ecolóxica, do Concello de Pontevedra e do Concello de Marín, que esgrimen entre outros os seguintes argumentos:

- Non se teñen en conta tres sentenzas da Audiencia Nacional que anulan a prórroga da concesión.
- Incremento do volume, altura e ocupación do espazo de dominio público.
- Inexistencia de parámetros de augas residuais que se van verter.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Falta de integración paisaxística das actuacións.
- Impacto negativo significativo sobre a biodiversidade e sobre as augas da ría de Pontevedra, declarada zona sensíbel.
- Importante impacto visual, non suficientemente xustificado no documento inicial estratéxico (só xustifica a integración dentro do propio complexo industrial, consolidando máis a paisaxe industrial ao borde do mar).

Malia aos informes negativos emitidos por persoal técnico de diferentes administracións, o goberno galego segue adiante coa tramitación do proxecto: así, o pasado 14 de xaneiro fíxose público o documento de alcance para a avaliación ambiental.

Por outra parte, a Xunta desenténdese das súas competencias en materia de ordenación do territorio, medio ambiente e industria, que debería exercer para, logo de superar a actual fase de negacionismo, impulsar a recuperación dos terreos que ocupa ENCE en Lourizán e promover un novo proxecto industrial arredor da transformación de produtos derivados da madeira, co peche de ciclos produtivos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai atender a Xunta os informes negativos do Concello de Pontevedra, do Concello de Marín e do Ministerio de Transición Ecolóxica sobre a modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de ENCE?

Considera o goberno galego razoábel levar adiante esta modificación logo de tres sentenzas da Audiencia Nacional que anulan a prórroga da concesión?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está a levar a cabo a Xunta en relación coa recuperación dos terreos que ocupa ENCE en Lourizán e co impulso dun novo proxecto industrial que permita aproveitar o potencial da celulosa, pechar ciclos e xerar emprego e riqueza no noso país?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/01/2022 14:01:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2022 14:01:20

Ramón Fernández Alfonso na data 27/01/2022 14:01:31

Daniel Pérez López na data 27/01/2022 14:01:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 27/01/2022 14:01:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para mellorar as condicións laborais do persoal do Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG leva anos denunciando as políticas de recortes e deterioro da sanidade pública levadas a cabo polo Partido Popular desde a Xunta e Galiza e demandando unha sanidade pública galega, universal, gratuíta e de calidade.

Precisamos un sistema sanitario público forte, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

O máis valioso que ten a sanidade pública é o seu persoal, @s magnífic@s profesionais, que levan sufrindo anos de precarización, temporalidade, anos de saturación. Fixeron, e seguen a facer, un esforzo titánico durante a pandemia, renunciando a libranzas, dobrando quendas... antepuxeron prestar atención sanitaria á súa vida persoal. A pesares do esforzo, parece que nunca é suficiente para o Sergas que segue a esixirlle máis e máis tanto ao persoal fixo como ao eventual. Este último lonxe de mellorar a súa estabilidade, en plena pandemia continúa a vivir en precario, con contratos por días, pendentos do teléfono, cunha rotación e mobilidade inaceptábel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Están fart@s de que se fagan por un lado soflamas de recoñecemento mentres polo outro non se fai nada para cambiar a situación límite na que se atopan. O que precisan é recoñecemento é defender os seus dereitos, contratacións estábeis, rematar coa precariedade, repoñer todas as prazas eliminadas coa aplicación da taxa de reposición, en suma unha sanidade pública sen recortes nin privatizacións.

Para isto é preciso empezar por facer unha diagnose certa de cal é a situación actual, para o cal é indispensable ter información, datos, cousa que non temos pola opacidade coa que actúa a Xunta, pola súa negativa a ter sistema de identificación de prazas, para saber cales son estruturais, cantas están cubertas con persoal eventual e desde cando, con que tipo de contrato (interinidade, acúmulo de tarefas, obra e servizo...), de que duración etc.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai o SERGAS realizar as actuacións precisas para a mellora das condicións de traballo e salariais so seu persoal?

. Cal é a xustificación para que o Sergas en plena pandemia manteña a profesionais condenad@s a vivir en precario, con contratos por días, pendentes do teléfono, cunha rotación e mobilidade inaceptábel?

. Non considera imprescindible poñer en marcha de inmediato un sistema de identificación de prazas no Sergas que permita ter unha información clara de cal é a situación actual e real do cadro de persoal do Sergas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A que agarda para rematar coa política de precariedade e explotación na contratación, ofertando contratos dignos para evitar que sigan marchando profesionais ven cara a privada ou o estranxeiro?

. Vai persistir na política laboral de precariedade e explotación ou vai proceder a realizar os contratos pola causalidade que os orixina e por todo o tempo da mesma?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 27/01/2022 17:44:20

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2022 17:44:23

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2022 17:44:30





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18401**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“a consideración por parte da Xunta de Galicia respecto da necesidade da creación dun observatorio da escola e da educación rural en Galicia”**, (publicada no BOPG número 174 do 27 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18514 e na Comisión 4ª de data 22/09/2021; á que nos remitimos porque, entre outras cuestións, serviu para dar conta da situación do ensino no rural en Galicia. O Goberno galego entende que o ensino no rural é de boa calidade e destaca pola implicación dos colexios e institutos nos programas impulsados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e tamén en programas europeos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:52:54
Nº Rexistro: 28120
Data envío: 18/01/2022 11:52:54.573

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:52:49

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18574**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dun centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública en Ourense”**, (publicada no BOPG número 174 do 27 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten entre as súas prioridades rematar antes de que finalice o 2022 o futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense, que contará con 110 prazas públicas: 80 de residencia e 30 de centro de día.

Despois dos diferentes atrasos que se veñen producindo nesta actuación ao longo dos últimos anos, o gran desabastecemento de materias primas que está a afectar en todos os sectores e que levou incluso ao peche de quendas en fábricas por todo o país, paralizou a obra.

Pola súa banda, o Goberno galego, seguindo o compromiso que lle fixo ás familias ourensás para poñer en marcha canto antes o centro, buscou unha solución que lles permitise solucionar os sobrecustes ocasionados pola situación conxuntural de falta de madeira, aceiro, vidro, aluminio, entre outros, á empresa construtora UTE Alea Proforma.

A pesares de que a construción deixou a actividade no último trimestre deste 2021, a Administración autonómica encontrou a fórmula para poder reequilibrar o contrato a través de Lei de Medidas e, polo tanto, a obra retomárase no mes de febreiro.

Cabe destacar que a cimentación e a estrutura do futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense está rematada e esta é a parte máis difícil do proxecto, polo que



unha vez se retome a actividade na construción cun ritmo axeitado, agárdase que a instalación estea finalizada antes de que remate 2022.

A Consellería de Política Social, a través da Inspección de Servizos Sociais, supervisa que o servizo se estea prestando de xeito adecuado, é dicir, a correcta atención ás persoas usuarias.

Pola súa banda, a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, como en calquera outro sector, é competencia da Inspección de Traballo, dependente da Vicepresidencia Terceira e Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno Central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:52:39
Nº Rexistro: 28118
Data envío: 18/01/2022 11:52:39.011

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:52:35

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18796**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **“a distribución territorial dos medios de loita contra os incendios forestais”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi respondida en Pleno con número de rexistro 16941 polo conselleiro do Medio Rural, José González, o 13 de xullo de 2021 e posteriormente polo Director Xeral de Defensa do monte, na Comisión 7ª celebrada o 17 de setembro de 2021, dando resposta á iniciativa 18797.

Insistimos na necesidade de avaliar series estatísticas históricas para poder adoptar, con fundamento, decisións relacionadas coa mellora da operatividade do persoal e dos medios de loita contra o lume. Neste sentido, lembramos que os dous últimos exercicios (2019 e 2020) caracterizáronse pola tendencia á baixa tanto do número de incendios como da superficie afectada, con respecto á serie histórica dende 1989.

Así mesmo, lembramos que unha das disposicións da Comisión de Expertos do Parlamento de Galicia, apoiada por aquel entón por todos os grupos da Cámara, poñía de manifesto a necesaria colaboración das deputacións provinciais –en termos de distribución territorial dos medios de loita contra os lumes forestais–, debendo asumir o papel que lles corresponde cunha maior implicación financeira. A única deputación que está a asumir as súas competencias é a da provincia de Ourense.



Neste sentido, é preciso incidir na súa vinculación dada a lexislación vixente, que recolle que a loita contra os incendios se trata dunha cuestión compartida entre Goberno galego, entidades locais, concellos, mancomunidades e deputacións. A colaboración é esencial, máis en cuestións tan transcendentais como son os incendios forestais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 27882
Data envío: 14/01/2022 14:09:58.715

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/01/2022 14:09:56

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18885**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para articular respostas eficientes e eficaces para a estabilización dos empregados e das empregadas da Administración autonómica e dos organismos autónomos, logo do consenso cos representantes das persoas traballadoras afectadas”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a dar cumprimento ao acordo asinado cos sindicatos maioritarios no ano 2017, en relación ao persoal do Consorcio.

A través deste acordo, que ademais fora ratificado por unanimidade polos catro comités provinciais de empresa do Consorcio, fóronse mellorando as condicións laborais do persoal deste ente público, con medidas como a equiparación tanto do salario como da xornada laboral e do réxime de permisos, licencias e vacacións co resto do persoal da Xunta de Galicia ou o pago de trienios; entre outras cuestións que se recollen no texto.

O acordo tamén establecía que as prazas do cadro de persoal do Consorcio se incorporarían nas vindeiras ofertas públicas de emprego da Xunta de Galicia, e que se convocarían os correspondentes procesos selectivos a través de modalidade de concurso oposición, co obxectivo de que se tivera en conta a experiencia deses traballadores e traballadoras durante o tempo que teñen acumulado.

Para cumprir con este acordo, en decembro de 2020 e xaneiro de 2021 publicáronse no DOG as ofertas públicas de emprego (OPE) que incluían a maior parte dos postos do persoal do Consorcio dentro da Administración autonómica.

Recentemente, en decembro de 2021, aprobouse a nivel estatal a ‘Lei 20/2021, de 28 de



diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público, lei que ten carácter básico e que a Xunta de Galicia ten a obriga de cumprir. Neste momento estase a facer o correspondente estudo da nova normativa para a súa aplicación no ámbito da Administración autonómica, e tamén por tanto, ao persoal do Consorcio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:52:05
Nº Rexistro: 28113
Data envío: 18/01/2022 11:52:05.605

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:52:01

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18893**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación do proxecto de reurbanización do barrio de Monteporreiro, en Pontevedra, no ano 2021”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 21 de outubro de 2021 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, en resposta á pregunta oral 18894.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 21 de outubro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjMwZWJhNGEtYWQzZC00YTUyLThiNDctNTA4OTFjYjFhNTA2&start=86> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28193
Data envío: 18/01/2022 14:15:05.847

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 14:15:03

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18895**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do inicio, no ano 2021, da execución do proxecto de construción dunha escola infantil da rede A Galiña Azul no concello de Salceda de Caselas”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No que respecta ao concello de Salceda de Caselas, na actualidade conta cunha escola infantil da rede Galiña Azul que se xestiona en virtude dun convenio formalizado co Concello en 2008. Polo de agora, non existe ningún expediente aberto para a construción dunha segunda escola infantil no devandito Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:51:57
Nº Rexistro: 28112
Data envío: 18/01/2022 11:51:57.496

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:51:54

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18899**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para manter pechada desde o ano 2009 a casa da Quintán, no concello de Ponte Caldelas”**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia comprometeuse a poñer en valor a Casa da Quintán de Ponte Caldelas e froito disto, pese á situación epidemiolóxica vivida en 2021, a Consellería de Política Social licitou o pasado ano a creación dun novo centro de protección de nenos, nenas e adolescentes neste inmovible, que permitirá a posta en marcha de 12 prazas de atención a rapaces e a creación duns 20 postos de traballo.

Trátase dun servizo moi necesario na provincia de Pontevedra e que será pioneiro a nivel nacional na atención integral e especializada de rapaces con trastornos no ámbito da saúde mental. O Goberno galego investirá 700.000 euros ao ano no seu funcionamento.

Este inmovible indiano está distribuído en planta baixa e dúas alturas e cunha estrutura de casa familiar, un deseño que o converte nun recurso ideal para ofrecer un ambiente cálido e acoledor aos menores. Dispón tamén dunha ampla zona exterior para realizar actividades ao aire libre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:51:41
Nº Rexistro: 28110
Data envío: 18/01/2022 11:51:41.543

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:51:38

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 18934**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Ovidio Rodeiro Tato e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado no que se atopa o financiamento universitario de Galicia"**, (publicada no BOPG número 183 do 9 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"A comezos do pasado mes de novembro de 2021, logo de varios meses de negociación, a Xunta e as tres universidades públicas galegas concretaron as principais liñas do Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2022-2026.

Xa en decembro 2021, fíxose público o informe favorable do Consello Galego de Universidades para un Plan de Financiamento Universitario para o período 2022-2026 que mobilizará 3.200 millóns de euros no próximo lustro

O Diario Oficial de Galicia (DOG), número 248, do 28 de decembro de 2021 publicou a Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021 polo que se aproba o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:51:22
Nº Rexistro: 28278
Data envío: 19/01/2022 10:51:22.407

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:51:18

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19414**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **“a avaliación e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Non existe colapso no Rexistro de Demandantes de Vivenda, senón unha lóxica evolución do mesmo con altas e baixas de solicitantes.

O Rexistro inclúe os demandantes de vivenda protexida. Os adxudicatarios das mesmas causan baixa no momento da adxudicación. Pero non causan baixa os beneficiarios de axudas ao alugueiro, axudas ao alugueiro para persoas en situación de vulnerabilidade pola Covid-19, Bono de alugueiro social e Bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero. Polo que a realidade é que unha parte das persoas inscritas no rexistro xa están a recibir da Xunta axudas para o pago do alugueiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:57:52
Nº Rexistro: 28436
Data envío: 20/01/2022 10:57:52.507

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:57:49

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19422**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a implantación de escolas infantís nos centros de traballo”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, vén realizando unha aposta firme e decidida polo acceso á educación infantil na etapa 0-3 como ferramenta imprescindible de conciliación para as familias galegas.

Froito desta aposta aprobáronse nos últimos anos as seguintes actuacións, que fan de Galicia unha comunidade autónoma pioneira no ámbito da conciliación:

O incremento de prazas na etapa educativa entre 0 e 3 anos, a través dunha rede de escolas que supera o medio milleiro de centros e as 25.000 prazas.

A posta en marcha do Bono Concilia, para facilitar o acceso a unha praza 0-3 para aquelas nais e pais que non obteñen unha praza nunha escola pública

A creación da rede de casas-niño no rural, un proxecto pioneiro en España para facilitar a atención educativa en concellos de menos de 5.000 habitantes onde non existe recurso de conciliación, e que está sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia

E, por suposto, a aprobación da gratuidade na matrícula e na atención educativa para o segundo fillo e sucesivos nas escolas 0-3, unha medida que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en adoptar e que se está a aplicar en todas as escolas infantís da Comunidade Autónoma con independencia da súa titularidade.



Esta última medida vense de ampliar co posta en marcha da gratuidade na atención educativa de todos os alumnos das escolas infantís 0-3 de Galicia a partir do curso 2022-23, o que volverá situar Galicia á vangarda de España nestas políticas.

Todas estas medidas teñen como obxectivo facilitar que todas as familias galegas, sexa cal sexa o seu lugar de residencia, poidan acceder a unha praza nunha escola infantil. E grazas a estas medidas, Galicia é unha das comunidades autónomas coa maior ratio de escolarización na etapa 0-3 de toda España.

En canto ás escolas infantís vencelladas a centros de traballo, no caso da Xunta de Galicia, a Administración autonómica conta desde hai anos cun procedemento específico para o ingreso ou renovación de praza en escolas infantís 0-3 para fillos do persoal da Xunta de Galicia. Este procedemento vai dirixido a fillos do persoal dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da Xunta de Galicia en escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais da localidade onde presta servizos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:51:26
Nº Rexistro: 28107
Data envío: 18/01/2022 11:51:26.700

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:51:23

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19435**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da autorización do parque eólico Monte Chan, debido á afectación que provoca na paisaxe protexida dos penedos de Pasarela e Traba”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª do pasado 16 de setembro de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 18551.

Na súa intervención, a directora xeral destacou as actuacións levadas a cabo pola Xunta en relación á conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 16 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

id=OTdkMmQ2NmItZTI2Ni00ZDk5LTg2ZTUtZmJjNzFjMDBlNGIx&start=57 ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:57:41





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19437**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da reforma da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia reconece e garante, na Comunidade Autónoma de Galicia, a toda persoa que como consecuencia da súa discapacidade deba ser acompañada dun can de asistencia o seu dereito a acceder, deambular e permanecer con el en calquera lugar, establecemento ou transporte de uso público, con independencia da súa titularidade pública ou privada.

A disposición derradeira primeira da Lei 10/2003 faculta á Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para desenvolver esta lei. Dado o tempo transcorrido dende a aprobación desta norma, nestes momentos é evidente a necesidade de desenvolver o citado marco regulamentario para que este se adapte á realidade actual e que ampare o dereito das persoas con discapacidade que necesitan da axuda dun can de asistencia a acceder á contorna e, polo tanto, a unha participación social accesible e efectiva.

Á súa vez, é tamén importante reconecer o papel relevante destes animais na sociedade e a obriga que teñen tanto os seus adestradores e adestradoras como as súas persoas propietarias e usuarias, de prestarlles os coidados precisos para o seu benestar e para que poidan adquirir a madurez física e emocional adecuadas para prestar un servizo de calidade indispensable ás persoas con discapacidade en Galicia.

Así pois, co obxecto de clarificar, simplificar e desenvolver o citado réxime xurídico de aplicación ao acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia en Galicia, a regulación do recoñecemento, a perda e a suspensión da condición de can de asistencia e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar os requisitos e as condicións da



especialización das persoas adestradoras de cans de asistencia e os que deberán cumprir os centros de adestramento e os seus empregados e dependentes para obter a homologación, a Consellería de Política Social iniciou no ano 2020 a tramitación do anteproxecto de decreto polo que aproba o regulamento da lei 10/2003, 26 de decembro, regulador dos cans de asistencia para persoas con discapacidade.

Proximamente, de acordo co establecido na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á aprobación deste anteproxecto de decreto, iniciarase unha consulta pública, a través do portal de Transparencia e Bo Goberno, co obxecto de recoller a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas por esta norma. Logo da aprobación desta norma, desenvolveranse campañas informativas e de sensibilización nos distintos ámbitos da nosa sociedade co fin de dala a coñecer e fomentar a sensibilización social neste eido.

Por último, no Plan Anual Normativo 2022 do Goberno central figura a elaboración dun novo Real decreto de Cans de asistencia, que ten por obxecto substituír o actual marco regulatorio da tenencia de cans guía, por un réxime legal que abarque todos os aspectos relativos á tenencia de cans de asistencia, en tanto que cans que prestan apoio a calquera persoa afectada por calquera tipo de discapacidade ou enfermidade, non soamente visual, co obxectivo de facilitar a súa autonomía persoal. Polo que esta normativa terase en conta á hora de elaborar a normativa autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:51:18
Nº Rexistro: 28106
Data envío: 18/01/2022 11:51:18.184

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:51:13

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19525**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a autorización dos dous novos proxectos eólicos promovidos na contorna da paisaxe protexida dos penedos de Pasarela e Traba”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª do pasado 16 de setembro de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 18551.

Na súa intervención, a directora xeral destacou as actuacións levadas a cabo pola Xunta en relación á conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 16 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTdkMmQ2NmItZTI2Ni00ZDK5LTg2ZTUtZmJjNzFjMDBlNGIx&start=57> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:57:36
Nº Rexistro: 28434
Data envío: 20/01/2022 10:57:36.961

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:57:33

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19541**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración por parte da Xunta de Galicia da convocatoria para a anualidade do 2021 do ‘préstamo vendima’**”, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Estas cuestións foron contestadas en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 19540, o pasado 5 de novembro do 2021 polo director xeral da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).

Remitimos o enlace coa resposta do director da Agacal:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTAzMjU3NjctNzYwOC00YjZhLWJjMzktZDU3YWw4NjQ1MmM4&start=2354>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:51:14
Nº Rexistro: 28277
Data envío: 19/01/2022 10:51:14.204

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:51:09

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19547**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da sentenza que afecta as traballadoras da escola infantil das Galeras, en Oleiros"**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"En relación á situación dos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, indicar que o Goberno galego está a cumprir o acordo asinado en marzo de 2017 cos sindicatos CC.OO, UGT e CIG para a integración do persoal deste ente autonómico no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

A través deste acordo, que ademais foi ratificado por unanimidade polos catro comités provinciais de empresa do Consorcio, fóronse mellorando as condicións laborais do persoal deste ente público, con medidas como a equiparación tanto do salario como da xornada laboral e do réxime de permisos, licencias e vacacións co resto do persoal da Xunta de Galicia ou o pago de trienios; entre outras cuestións que se recollen no texto.

Este acordo tamén prevía que as prazas do persoal do Consorcio ocupadas interinamente por persoal temporal ou indefinido non fixo serían incluídas na Oferta de Emprego Público (OPE) da Xunta de Galicia, tal e como se fixo en 2020 e 2021. Recentemente, en decembro de 2021, aprobouse a nivel estatal a "Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para a redución de la temporalidad en el empleo público", lei que ten carácter básico e que a Xunta de Galicia ten a obriga de cumprir. Neste momento estase a facer o correspondente estudo da nova normativa para a súa aplicación no ámbito da Administración autonómica, e



tamén por tanto, ao persoal do Consorcio.

Por outra banda, a Xunta de Galicia respecta as sentenzas xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:51:00
Nº Rexistro: 28104
Data envío: 18/01/2022 11:51:00.794

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:50:57

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19613**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e don Luis Bará Torres, sobre **“o tipo de seguimento que está a facer o Goberno galego da xestión, eliminación, reutilización ou reciclaxe dos pneumáticos usados depositados en Lendo, no concello da Laracha”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 29 de abril de 2021 pola directora xeral de Calidade Ambiente, Sostibilidade e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 13707.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª do 29 de abril de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servicios-2021-04-29?part=56b728ec-fb73-46da-b680-3f8187838b6d&start=4980> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:57:29
Nº Rexistro: 28433
Data envío: 20/01/2022 10:57:29.711

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:57:25

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19668**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os criterios da Xunta de Galicia para a contratación de dous informes sobre medidas punitivas contra a ocupación de vivendas”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 3 de xuño de 2021 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), en resposta á pregunta oral 16434. Na súa resposta, o director xeral explicou as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia ante a ocupación de vivendas e sobre os informes xurídicos encargados e as súas conclusións.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª do pasado 3 de xuño de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-03--2?part=1ab6e258-27b5-425a-8afc-865b9c495188&start=227> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:57:16
Nº Rexistro: 28432
Data envío: 20/01/2022 10:57:16.149

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:57:07

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19757**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de execución das rozas acordadas por convenio e que medidas se teñen tomado para chegar a una porcentaxe de execución aceptable”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 19754, o pasado 22 de outubro do 2021 polo director xeral de Defensa do Monte.

Remitimos o enlace coa resposta do director xeral de Defensa do Monte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDQ4ZDFjNzMtOTNlYi00ZmE5LWExYWYtOTk0MTEyYTY4MzI1&start=2212>

Para o exercicio de todas as accións contempladas no convenio, a empresa pública Seaga conta cun total de 160 traballadores, entre eles 30 novos capataces contratados no 2021 para incrementar o número de inspeccións do estado de xestión da biomasa nas parcelas das faixas secundarias, incluíndo tamén a supervisión de parroquias non priorizadas de concellos sumados ao acordo.

Na intervención, o director xeral de Defensa do Monte referiuse ao convenio de protección das aldeas como un acordo que presta un importante apoio aos 273 concellos adheridos, principalmente aos que teñen parroquias priorizadas, para -



entre outras cuestións- a revisión do estado de xestión das parcelas e a preparación de notificacións e publicacións ou os procedementos de execución subsidiaria, tendo en conta que as competencias neste eido son dos consistorios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28354
Data envío: 19/01/2022 16:12:27.167

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:12:24

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19932**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para habilitar axudas para o sector viveirista de planta e flor”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia mostrou o seu compromiso e tendeu a man a agricultores, gandeiros e/ou silvicultores afectados polas repercusións económicas da crise sanitaria, co fin de acompañalos nesta crise e facilitar, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade. Neste sentido, tras unha análise dos sectores máis afectados polas consecuencias da pandemia, foron publicadas liñas de axudas excepcionais, das que foi principal beneficiado o sector das plantas ornamentais e da flor cortada, seleccionado en base a criterios obxectivos sobre as perdas constatables.

Ao respecto, co obxecto de recuperar as perdas ocasionadas polo parón da actividade por mor do confinamento, foron destinados fondos do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Repartíronse entre 110 entidade do sector da flor cortada e da planta ornamental máis de 1,6 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28353
Data envío: 19/01/2022 16:12:19.964

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:12:16

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19955**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e Daniel Pérez López, sobre **“a concesión dunha axuda por parte da xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Santo Estevo de Vilamor, no concello de Toques”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, con número de rexistro 19953, o pasado 7 de setembro do 2021 pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Remitimos o enlace coa resposta da directora xeral de Agader:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWU0MWE5NTMtZDUzZS00N2Q5LWI2NjltMTIONjZiZWVmNzc5&start=281>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:12:02



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20026**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración por parte da Consellería do Medio Rural respecto da aplicación informática Conta Láctea para o sector lácteo de Galicia”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 20027, o pasado 17 de setembro do 2021 polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Remitimos o enlace coa resposta do director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Nzg4YjRjODMtZGE2YS00ZWVjLWFMNGMtOTRlZGhwYzVkJmVj>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28350
Data envío: 19/01/2022 16:11:58.292

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:11:55

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20028**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os avances do Plan de pastos de Galicia que puxo en práctica a Consellería do Medio Rural”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 20029, o pasado 17 de setembro do 2021 polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Remitimos o enlace coa resposta do director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Nzg4YjRjODMtZGE2YS00ZWVjLWFmNGMtOTRlZGlwYzVkJmVj>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28349
Data envío: 19/01/2022 16:11:51.636

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:11:48

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20030**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Consellería do Medio Rural da aplicación do plan preventivo deste ano 2021”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 20031, o pasado 17 de decembro do 2021 polo director xeral de Defensa do Monte.

Remitimos o enlace coa resposta do director xeral de Defensa do Monte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTkzYWQzNTQtNzZmMi00NDM2LTkxNDQtYzE0MDM5OTQ1OWE4>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:11:41



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20183**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora na aprobación dun plan director para o macizo Central de Ourense”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 19330, o pasado 17 de setembro do 2021 polo director xeral de Defensa do Monte.

Remitimos o enlace coa resposta do director xeral de Defensa do Monte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Nzg4YjRjODMtZGE2YS00ZWVjLWVmNGMtOTRlZGlmYzVzMjVj>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28347
Data envío: 19/01/2022 16:11:37.855

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:11:35

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20375**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai tomar o goberno da Xunta para impedir a proliferación de lumes”**, (publicada no BOPG número 194 do 1 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia fai especial fincapé en que na nosa comunidade a loita contra os incendios forestais pasa ineludiblemente pola xestión do territorio. Neste sentido, é preciso afondar no uso agrícola, gandeiro e forestal sustentable da terra, como fórmula de xeración de actividade económica, pero tamén como a mellor devasa natural fronte o lume.

Neste ámbito de actuación atópase tanto a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia como o Plan Forestal 2021-2040, instrumentos que serán completados ao longo deste ano 2022 coas leis de loita integral contra os incendios forestais e de calidade alimentaria, esta última como mecanismo de valorización da produción agrogandeira galega.

Neste contexto, en relación aos bos resultados do balance de incendios da campaña do pasado ano 2021, cómpre sinalar que son atribuídos ao bo facer do dispositivo, á maior concienciación cidadá e ao efecto que están producindo medidas como a posta en marcha do teléfono de denuncias dos comportamentos incendiarios 900 81 50 85.

A prevención continúa a ser unha das liñas prioritarias da Consellería do Medio Rural, que vai desde o acondicionamento de pistas á posta en práctica de iniciativas como Interlumes, coa creación da primeira base aérea transfronteiriza anti incendios forestais entre Galicia e Portugal, ou o Centro integral de loita contra o lume que se está a desenvolver na localidade ourensá de Toén e no que xa se iniciaron as obras no 2021.

Finalmente, é preciso evidenciar a potencialidade da colaboración e do convenio de



protección das aldeas asinado entre a Xunta, a Fegamp e Seaga, que permitiu completar a comprobación da totalidade das faixas secundarias de 92 concellos galegos e comprobar o estado de 685.000 parcelas, que suman case que 44.000 hectáreas, sendo a porcentaxe de superficie xestionada dun 65%, é dicir, preto de 29.000 hectáreas repartidas en 432.000 parcelas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28345
Data envío: 19/01/2022 16:11:23.715

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:11:20

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20423**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a inspección das condicións laborais e sanitarias nas instalacións da empresa Surexport nos concellos de Begonte e Castro de Rei”**, (publicada no BOPG número 194 do 1 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias respondeu unha pregunta oral na Comisión 7ª do 17 de setembro do 2021, con número de rexistro 20432”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:50:28
Nº Rexistro: 28100
Data envío: 18/01/2022 11:50:28.717

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:50:25

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a aprobación de proxectos e concesión de axudas pola Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo”**, (publicada no BOPG número 194 do 1 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Estas cuestións foron contestadas en Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, con número de rexistro 20561, o pasado 6 de outubro do 2021 pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Remitimos o enlace coa resposta da directora xeral de Agader:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGQ20ThkYmYtMGExYy00MzcwLWE2OTAtNWE2OTE2YzcxYzhh> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:50:51
Nº Rexistro: 28275
Data envío: 19/01/2022 10:50:51.002

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:50:47

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20620**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“o funcionamento da depuradora da illa de Ons”**, (publicada no BOPG número 196 do 8 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 11 de novembro de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 20619.

Na súa intervención, a directora xeral avanzou que a Xunta destinará á mellora da depuración na illa de Ons parte dos fondos europeos asignados ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 11 de novembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NTkyMWVkyjctNDUwYS00YjQ2LTgxODMtZTEzNDM3ZDI5ZDY4&start=3819> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:50:21
Nº Rexistro: 28099
Data envío: 18/01/2022 11:50:21.123

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:50:17

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20710**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Ovidio Rodeiro Tato e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o nivel de convivencia no ensino galego”**, (publicada no BOPG número 196 do 8 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 20711 e debatida na Comisión 4ª de data 22/10/2021; á que nos remitimos porque serviu para facer un percorrido sobre as medidas normativas postas en marcha en relación coa convivencia escolar en Galicia, así como un repaso do que ten significado o desenvolvemento das accións previstas na Estratexia Galega de Convivencia Escolar- Educonvives 2015-2020 e lembrar que Galicia leva realizadas tres macroenquisas sobre convivencia escolar.

O informe de diagnose da terceira macroenquisa de convivencia realizada este ano 2021 pola Xunta de Galicia entre preto de 218.600 membros da comunidade educativa. Este estudo confirma o bo clima nas aulas galegas e a mellora os resultados, tanto respecto da primeira macroenquisa (2015) como da precedente (2019).

Así, segundo os últimos datos, o 90% das familias, profesorado e persoal consideran que non existen problemas de convivencia no centro ou que estes ocorren de xeito puntual. Neste aspecto experimentábase unha mellora de 10 puntos con respecto á



primeira macroenquisa de 2015 e, ademais, preto do 60% dos participantes consideran que a convivencia escolar mellorou con respecto a 2019 ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:50:12
Nº Rexistro: 28098
Data envío: 18/01/2022 11:50:12.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:50:08

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20971**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación do sector vitivinícola da comarca do Ribeiro tras as tormentas acaecidas a finais de agosto e principios de setembro"**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Estas cuestións foron contestadas en Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, con número de rexistro 20972, o pasado 1 de outubro do 2021 polo director xeral da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).

Remitimos o enlace coa resposta do director xeral da Agacal:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmlzN2EyMTQtN2VjYy00ZDg0LTlhOGMtYzE0YzA5ZTc5OGY1>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:50:43
Nº Rexistro: 28274
Data envío: 19/01/2022 10:50:43.674

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:50:39

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21043**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para impulsar axudas directas para os danos do pedrazo de setembro na comarca do Ribeiro”**, (publicada no BOPG número 196 do 8 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Respecto da afectación das treboadas a comezos de setembro do 2021 na comarca do Ribeiro, cómpre sinalar que a sarabia caeu sobre unha superficie aproximada de 190 hectáreas de viñas, das cales nunhas 130 os danos foron mínimos e nas restantes 60 hectáreas si houbo unha afectación maior. Segundo as avaliacións dos técnicos de Medio Rural, o total de uvas afectadas estivo por debaixo do 4% da produción da Denominación de Orixe. Neste sentido, os efectos foron máis ben localizados no territorio e, en todo caso, os devanditos técnicos asesoraron desde o primeiro momento aos viticultores e ás adegas para minimizar posibles perdas.

Nesta liña, é preciso lembrar que o Goberno galego pon a disposición dos agricultores unha orde de axudas para fomentar os seguros agrarios, insistindo na necesidade de asegurar os cultivos fronte a incidencias deste tipo, lembrando que os danos en explotacións debido a fenómenos meteorolóxicos extraordinarios están cubertos polas pólizas agrarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28342
Data envío: 19/01/2022 16:11:03.153

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:10:58

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21174**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da situación provocada polo incendio en Ribas de Sil”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta aposta decididamente por un dispositivo anti incendios profesional, versátil e eficaz –mostra disto é que desde o ano 2018 aumentouse o tempo anual de traballo do persoal fixo discontinuo, pasando de tres a seis meses de traballo na actualidade–. Unha mellora que, ademais, incide directamente na prevención, xa que agora este persoal ten máis tempo para realizar este tipo de actuacións.

No caso concreto dos lumes da Ribeira Sacra de setembro do 2021, cómpre recoñecer o traballo das máis de 1.000 persoas que se mobilizaron para facerlles fronte. O seu esforzo e a profesionalidade fixo posible defender con éxito ás persoas e aos seus bens, que son a prioridade.

É preciso destacar tamén a rápida resposta do operativo, que no lume iniciado o domingo pola noite (antecedente dunha clara intencionalidade) contou cun tempo de reacción de 18 minutos, e no foco secundario iniciado o luns ao mediodía, foi de tan só cinco minutos.

Así mesmo, insístese en que quedou constatada a intencionalidade grazas á Unidade



de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), formada por 15 membros da escala de axentes ambientais e centrada especificamente na investigación dos lumes e na coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, que tamén participaron na extinción dos lumes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:50:15
Nº Rexistro: 28272
Data envío: 19/01/2022 10:50:15.565

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:50:09

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21258**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rexenerar os espazos naturais afectados polos incendios forestais en Galicia”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Respecto da recuperación das zonas queimadas tanto en Ribas de Sil como en Quiroga polos lumes ocasionado a comezos do mes de setembro do 2021, cómpre sinalar que na segunda quincena do mesmo mes levouse a cabo a aplicación de *mulch* de palla polo persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais para protexer os solos queimados.

Por outra banda, os estudos desenvolvidos en Galicia e noutras partes do mundo teñen demostrado que a sementeira non é unha técnica eficaz para protexer os solos queimados fronte á erosión. Neste respecto, en conformidade coa orografía do terreo, tampouco é posible facer a plantación de especies diferentes de pinos, especialmente por motivos de profundidade.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28339
Data envío: 19/01/2022 16:10:37.731

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:10:34

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21390**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para frear a mortalidade de gaivotas no encoro de Vilagudín"**, (publicada no BOPG número 202 do 22 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"No momento en que se tivo coñecemento do suceso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda desprazou ao lugar dos feitos ao seu persoal, co obxecto de facer unha valoración global da situación, as condicións nas que esta se producía e as especies e número de exemplares afectados.

Procedeuse á retirada de todos os animais enfermos, cadáveres e calquera outro resto ou material que puidera estar relacionado coa mortalidade detectada, para o seu traslado e análise no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre (CRFS) de Oleiros.

Unha vez no CRFS de Oleiros procedeuse ao illamento e atención dos animais vivos enfermos, á realización de tomas de mostras, necropsias e probas necesarias para a determinación da causa da morte.

Ademais, a Xunta vedou a pesca nas augas do encoro. O Diario Oficial de Galicia publicou o 13 de setembro a Resolución pola que se prohibe esta práctica deportiva.



Os resultados das análises realizadas para a determinación das posibles causas da mortalidade de aves confirmaron que se trata dunha intoxicación por toxina botúlica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28190
Data envío: 18/01/2022 14:14:43.566

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 14:14:39

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22209**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a destrución de emprego no sector agrícola en Galicia**”, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Galicia, grazas ao seu labor en materia de emprego e a súa estabilidade política, demostra un comportamento favorable no emprego respecto doutras comunidades autónomas en relación á situación xerada trala crise sanitaria pola covid-19, sobre todo, no tocante á situación laboral das mozas e mozos. Neste sentido, cómpre sinalar as numerosas actuacións da Consellería de Emprego e Igualdade para protexer a actividade e o emprego de toda a poboación galega. Ao respecto, desde a Consellería do Medio Rural, no tocante ao ámbito agrícola, temos en práctica numerosas iniciativas que veñen a fomentar, ao tempo, o emprego, tales como o apoio á creación de empresas para as persoas agricultoras mozas ou a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións. Na liña de fixar poboación, tamén hai que lembrar a potencialidade das ferramentas da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que prevén a mobilización de terra coa consecuente posta en práctica de actividade económica e a xeración de emprego, entre outras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:49:47
Nº Rexistro: 28269
Data envío: 19/01/2022 10:49:47.659

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:49:42

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23931**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Ovidio Rodeiro Tato e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“un novo Plan de financiamento universitario de Galicia 2022-2026”**, (publicada no BOPG número 218 do 28 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A comezos do pasado mes de novembro de 2021, logo de varios meses de negociación, a Xunta e as tres universidades públicas galegas concretaron as principais liñas do Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2022-2026.

Xa en decembro 2021, fíxose público o informe favorable do Consello Galego de Universidades para un Plan de Financiamento Universitario para o período 2022-2026 que mobilizará 3.200 millóns de euros no próximo lustro

O Diario Oficial de Galicia (DOG), número 248, do 28 de decembro de 2021 publicou a Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021 polo que se aproba o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 10:49:29
Nº Rexistro: 28267
Data envío: 19/01/2022 10:49:29.316

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 10:49:26

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24142**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a desafectación do uso docente dunha vivenda dos mestres do concello de Nigrán para poder ser usada para fins sociais por parte da administración municipal”**, (publicada no BOPG número 220 do 3 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24143 e debatida na Comisión 4ª de data 03/12/2021; á que nos remitimos porque serviu para explicar que a Administración educativa galega está a cumprir co previsto na norma e autoriza as desafeccións cando se dan as condicións previstas na normativa.

No caso do Concello de Nigrán, hai que advertir de que eran varias as vivendas dedicadas a mestres na rúa San Roque-Balinfra, na parroquia de Camos. E xa houbo unha desafectación dun dos inmobles. Na actualidade, existe unha vivenda que está adxudicada a unha docente conforme á normativa vixente, dáse a circunstancia de que a adxudicataria segue cumprindo os requisitos de destino definitivo no municipio, paga recibos e xustifica que a está usando e que non a quere deshabitar. Nesta situación, non sería posible resolver a desafectación sen o previo desafuzamento da funcionaria. Este proceso pode facelo o propio Concello de Nigrán, xa que é o propietario da vivenda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:49:55
Nº Rexistro: 28096
Data envío: 18/01/2022 11:49:55.264

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:49:52

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24377**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **“o dereito a ser educado en igualdade de oportunidades do alumnado do instituto de ensinanza secundaria de Becerreá”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24374 e na Comisión 4ª de data 17/12/2021; á que nos remitimos porque serviu para expor a normativa que se segue para autorización da impartición de materias, conforme aos apartados Sétimo e Decimo cuarto da Resolución do 17 de xuño de 2021 (DOG Nº123 do 30 de xuño). A demanda dun número mínimo de alumnado debe xustificar a impartición da materia, algo que no caso do IES de Becerreá non se produciu.

O ensino no rural está garantido en Galicia, tanto a nivel de recursos económicos como de dotación de servizos e de profesionais, adaptándoo ás características poboacionais de cada territorio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:49:29
Nº Rexistro: 28092
Data envío: 18/01/2022 11:49:29.421

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:49:26

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25294**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da inclusión do alumnado con deficiencia auditiva en centros públicos ordinarios”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24941 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/11/2021; á que nos remitimos porque serviu para explicar a normativa e os protocolos educativos que sigue a Administración educativa galega para a planificación e a intervención educativa co alumnado con discapacidade auditiva ou xordeira.

A elaboración do Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva contou coa participación de profesionais da orientación educativa, de especialistas de audición e linguaxe, de técnicos da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), de especialistas do Equipo de Orientación Específico e das asesorías técnicas docentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28187
Data envío: 18/01/2022 14:14:19.129

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 14:14:15

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25596**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os informes que ten elaborado o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia desde a súa creación”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 6/2012 do 19 de xuño, primeira Lei de xuventude de Galicia, supuxo un cambio de modelo no que se refire ao órgano de representación do tecido asociativo xuvenil galego cara un verdadeiro sistema de representación da mocidade, coa extinción do Consello da Xuventude de Galicia e a creación dun novo órgano independente aberto a todas as asociacións xuvenís e con funcións asesoras e consultivas. O novo modelo, como xa se ten explicado en numerosas ocasións, xurdiu como resposta á situación de incumprimento reiterado das súas funcións por parte do anterior órgano.

Cómpre destacar tamén que a Lei reforza a participación xuvenil, colocándoa como sector básico da transversalidade xunto coa educación, o emprego, a vivenda ou o voluntariado, entre outros. Esta participación na sociedade pode estruturarse a nivel individual como a través de fórmulas asociativas ou mediante grupos informais e por iso, a maiores de posibles órganos colexiados como poden ser os consellos locais de xuventude (previstos na citada lei), desde a Xunta de Galicia foméntase de xeito decisivo a participación da mocidade galega a través das asociacións xuvenís e as súas federacións, das seccións xuvenís de asociacións non xuvenís ou mediante as novas fórmulas de asociacionismo xuvenil sen personalidade xurídica. Unha das ferramentas cuxo principal obxectivo é favorecer o asociacionismo e participación xuvenil é a liña de axudas anuais de Iniciativa Xove.

A maiores, e co fin de poder dar unha resposta axustada ás demandas e necesidades da



mocidade galega de xeito continuo, a propia Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social ten elaborado informes de seguimento sobre os diferentes plans estratéxicos, sobre os procesos participativos abertos en cada momento sobre cuestións que afectan á mocidade así como realización de análises e novas propostas para fomentar o emprego xuvenil, a emancipación e mellorar as oportunidades da xente moza. Con este fin nacerá tamén a futura oficina virtual de asesoramento e orientación xuvenil, que se porá en marcha nos próximos meses”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:49:21
Nº Rexistro: 28090
Data envío: 18/01/2022 11:49:21.452

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:49:16

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18081**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da construción dunha residencia pública no concello e Padrón”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia asinou un convenio co Concello de Padrón o pasado 26 de outubro de 2020 para financiar con 18.000 euros a redacción do proxecto da futura residencia de maiores. Trátase dun acordo que permitirá poñer en marcha un recurso moi necesario na comarca.

O convenio establece que, unha vez redactado e aprobado o proxecto polo Concello, formalizarase un novo convenio no que se establecerán as condicións do financiamento para a construción da residencia.

O Concello comprométese á xestión do centro, en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente e a Xunta de Galicia, como non podería ser doutro xeito, respecta a autonomía local. A colaboración entre a Administración autonómica e a corporación municipal de Padrón permite seguir incrementando as prestacións ás súas veciñas e veciños. Neste sentido, este servizo sumarase a outras prestacións como o Servizo de Axuda no Fogar, o Xantar na Casa ou a Teleasistencia, que permiten que as persoas maiores poidan seguir vivindo nas súas casas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:53:25
Nº Rexistro: 28125
Data envío: 18/01/2022 11:53:25.541

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:53:21

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18096**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción dun centro público de atención residencial en Boiro”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2009, Galicia incrementou nun 44% a oferta de prazas públicas en residencias de maiores, que pasou de 5.500 a máis de 8.000. Ademais, a estas prazas hai que sumarlle máis de 5.000 Bonos Residencia para axudar ás familias a pagar unha praza na residencia que prefiran.

A Xunta é consciente de que cómpre seguir reforzando esta opción para persoas dependentes, por iso está a traballar coa Fundación Amancio Ortega na apertura de sete novas residencias nas principais cidades galegas que serán 100% financiadas e construídas por dita fundación. Para iso, contará cun investimento de máis de 90 M€, permitirá a creación de 800 novos postos de traballo e creará 900 novas prazas públicas de maiores que pasarán a estar á disposición de todas as galegas e galegos.

Por outro lado, a residencia piloto do Barbanza, que se emprazará en Ribeira, nace para dar cobertura a toda a comarca desde a súa cabeceira.

Isto non quita que, se o considera oportuno, o Concello de Boiro poida impulsar unha



residencia de titularidade municipal. Conta coa man tendida da Xunta de Galicia para colaborar no financiamento a través dos fondos europeos, nos que haberá un fondo específico para financiar proxectos así”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:53:14



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18339**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para habilitar axudas para o sector viveirista de planta e flor”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia mostrou o seu compromiso e tendeu a man a agricultores, gandeiros e/ou silvicultores afectados polas repercusións económicas da crise sanitaria, co fin de acompañalos nesta crise e facilitar, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, tras unha análise dos sectores máis afectados polas consecuencias da pandemia, foron publicadas liñas de axudas excepcionais, das que foi principal beneficiado o sector das plantas ornamentais e da flor cortada, seleccionado en base a criterios obxectivos sobre as perdas constatables. Ao respecto, co obxecto de recuperar as perdas ocasionadas polo parón da actividade por mor do confinamento, foron destinados fondos do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Repartíronse entre 110 entidade do sector da flor cortada e da planta ornamental máis de 1,6 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28356
Data envío: 19/01/2022 16:12:41.666

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2022 16:12:38

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18376**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona M^a Carmen Aira Díaz e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno da Xunta de Galicia de executar medidas urxentes e axudas directas á produción vitícola afectada pola pedra na Ribeira Sacra”**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“En consideración da situación de emerxencia ocasionada polas treboadas de pedrazo rexistradas o pasado mes de xuño na provincia de Lugo, o Goberno galego actuou coa máxima rapidez para determinar os danos producidos. Neste sentido, desprazouse ata o lugar un técnico para unha primeira valoración, a través da que se realizou a inspección visual da zona afectada, tomando fotografías dos devanditos danos ocasionados nos cultivos e delimitando a área xeográfica onde as consecuencias da sarabia foron maiores.

Ao respecto, o fenómeno climático afectou as comarcas da zona sur de Lugo, de Chantada e Monforte, concretamente aos concellos de Chantada e Saviñao.

Nesta liña, as persoas afectadas polo pedrazo, propietarios dos cultivos en cuestión, foron correctamente asesoradas pola Xefatura Territorial da provincia de Lugo, co obxecto de reverter as consecuencias da sarabia e salvar a produción vitícola.

Así mesmo, lémbrese que na anualidade 2016 tamén se produciron treboadas de pedrazo como as últimas, un sinistro que ten certa periodicidade na zona do sur de Lugo e fronte ao cal o Goberno galego aposta por fomentar os seguros agrarios. De feito, este 2021 foi convocada unha liña de axudas para a contratación destes seguros cun orzamento de 6 millóns de euros, cantidade un 20% superior á destinada a esta mesma finalidade no pasado ano 2020.

Desde a Consellería do Medio Rural deféndese a contratación de pólizas, xa que é a maneira





de estar cubertos en caso de que se produzan danos en explotacións debido a algún tipo de fenómeno meteorolóxico extraordinario, como o acontecido en xuño do 2021. A Xunta concede estas axudas de forma directa aos agricultores e poderán ser beneficiarios os asegurados que sexan titulares de explotacións agrarias galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2022 09:32:29
Nº Rexistro: 27898
Data envío: 17/01/2022 09:32:29.934

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/01/2022 9:32:16

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18502**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as medidas que vai incluír o Goberno galego no novo pacto social pola vivenda que está a elaborar o Instituto Galego da Vivenda e Solo”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A folla de ruta marcada pola Xunta co Pacto Social pola Vivenda 2021-2025 está consensuada co sector e cos consumidores, dentro do Observatorio Galego de Vivenda. O obxectivo do pacto é mobilizar máis de 1.080 millóns de euros e chegar a 70.000 familias.

Este pacto conta con 4 liñas estratéxicas e con preto de medio cento de accións que combinan medidas implantadas con 12 iniciativas novidasas. Prevese un investimento directo duns 433 millóns, unha inxección de recursos dirixida a particulares e empresas coa que se mobilizarán 1.083 millóns de euros entre fondos públicos e privados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28194
Data envío: 18/01/2022 14:15:14.222

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 14:15:10

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18513**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social en relación co problema da insuficiencia de prazas en educación infantil de 0 a 3 anos no concello de Guitiriz”**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é coñecedora da situación que ten o concello de Guitiriz no que atinxe á posibilidade de mellorar a oferta de prazas de educación infantil de 0 a 3 anos, toda vez que o actual Punto de Atención á Infancia municipal non é suficiente ante a demanda existente.

De feito, esta cuestión abordouse en diferentes reunións mantidas polo Executivo autonómico coa alcaldesa desta localidade lucense, á quen se lle trasladou a vontade de colaborar na busca de solucións. Nestes momentos, estase a analizar a proposta do Concello de construír unha nova escola infantil, que sería de titularidade municipal e que substituiría ao servizo que presta o PAI. A Administración autonómica estuda colaborar no financiamento da construción deste centro a través do programa que anunciou o Goberno Central para a creación prazas públicas de 0-3 anos, a través do Mecanismo de recuperación y Resiliencia (MRR) , unha vez que se concreten os criterios de reparto dos mesmos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:52:46
Nº Rexistro: 28119
Data envío: 18/01/2022 11:52:46.042

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:52:43

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18841**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada, as súas intencións referidas á súa remisión ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación, e as medidas que vai inserir nelas”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de xuño o Goberno galego presentou oficialmente a vindeira Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada, unha estratexia pioneira a nivel nacional que contou coa colaboración da FEGAMP e das entidades máis representativas dos maiores en Galicia.

Para chegar ata aquí, o primeiro paso consistiu en realizar unha diagnose da soidade non desexada en Galicia para coñecer as súas causas e consecuencias; e as distintas iniciativas postas en marcha noutros países de Europa. O seguinte paso centrouse en coñecer o perfil das persoas que viven en soidade non desexada, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa comunidade. O resultado destes estudos permitiu obter unha primeira aproximación a este fenómeno.

Minimizar os efectos que ten este fenómeno sobre os maiores, require o deseño de actuacións específicas. Por iso, o plan da Xunta de Galicia oríentase en cinco liñas estratéxicas de actuación:

- A prevención: Impulsando actividades que favorezan as relacións sociais como o voluntariado, a participación social ou cultural. Ou mesmo promovendo novas formas de



vivenda como o cohousing ou as vivendas interxeracionais;

- A detección: Detectar estas situacións é crucial para que estas persoas sexan derivadas a programas deseñados para paliar os seus efectos.

- A intervención: mediante actuacións como a formación dos profesionais de atención primaria e dos servizos sociais para saber como intervir; o novo modelo residencial centrado na persoa e na súa contorna; ou mediante a realización dun mapa de recursos á súa disposición que responden ás súas necesidades.

- A visibilización do fenómeno para que todos nós coñezamos o problema e actuemos.

- A cooperación entre o sector público, o privado e as entidades sociais“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:52:30
Nº Rexistro: 28117
Data envío: 18/01/2022 11:52:30.761

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:52:26

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18847**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto de dotar o concello de Narón dunha residencia de maiores de titularidade e xestión públicas”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Como Goberno temos a obriga de xestionar o país cunha mirada global e racional cos recursos de todos os galegos.

No caso da comarca de Ferrolterra estamos traballando na construción dunha residencia pioneira que porá á cidade de Ferrol á vangarda dos coidados de maiores en toda Europa. Será unha residencia punteira, coa última tecnoloxía, 120 prazas 100% públicas, máis de 110 postos de traballo e un investimento de 12 millóns de euros que financiará integramente a Fundación Amancio Ortega.

Ademais, estamos a facer melloras na residencia pública que xa existe no barrio de Caranza. Con todo, seguiremos traballando para ampliar e mellorar a atención aos maiores nesta comarca se fose necesario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:52:17





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18850**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de persoas falecidas en residencias de maiores en Galiza durante a pandemia da Covid19 e as razóns pola que a Xunta non fai públicos os datos desagregados por centros”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia achegando datos sobre residencias ao Goberno central co modelo que este marcou, coa frecuencia que indicou e coa profusión que pediu.

Pero, ademais, as galegas e galegos contaron sempre cunha imaxe fiel da situación, actualizada cada día a través dun boletín diario enviado aos medios de comunicación con información detallada acerca dos contaxios e falecementos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:52:13
Nº Rexistro: 28115
Data envío: 18/01/2022 11:52:13.183

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:52:09

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18896**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do inicio, no ano 2021, da execución do proxecto de construción dunha escola infantil da rede A Galiña Azul no concello de Salceda de Caselas”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No que respecta ao concello de Salceda de Caselas, na actualidade conta cunha escola infantil da rede Galiña Azul que se xestiona en virtude dun convenio formalizado co Concello en 2008. Polo de agora, non existe ningún expediente aberto para a construción dunha segunda escola infantil no devandito Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:51:49
Nº Rexistro: 28111
Data envío: 18/01/2022 11:51:49.793

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:51:45

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18900**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para manter pechada desde o ano 2009 a casa da Quintán, no concello de Ponte Caldelas”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia comprometeuse a poñer en valor a Casa da Quintán de Ponte Caldelas e froito disto, pese á situación epidemiolóxica vivida en 2021, a Consellería de Política Social licitou o pasado ano a creación dun novo centro de protección de nenos, nenas e adolescentes neste inmovible, que permitirá a posta en marcha de 12 prazas de atención a rapaces e a creación duns 20 postos de traballo.

Trátase dun servizo moi necesario na provincia de Pontevedra e que será pioneiro a nivel nacional na atención integral e especializada de rapaces con trastornos no ámbito da saúde mental. O Goberno galego investirá 700.000 euros ao ano no seu funcionamento.

Este inmovible indiano está distribuído en planta baixa e dúas alturas e cunha estrutura de casa familiar, un deseño que o converte nun recurso ideal para ofrecer un ambiente cálido e acoledor aos menores. Dispón tamén dunha ampla zona exterior para realizar actividades ao aire libre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:51:33
Nº Rexistro: 28108
Data envío: 18/01/2022 11:51:33.497

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:51:30

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19165**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **“os datos referidos ás vivendas adxudicadas, ás persoas inscritas e ás baixas rexistradas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda en cada un dos anos de vixencia do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020 ou Plan RehaVita”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Non existe colapso no Rexistro de Demandantes de Vivenda, senón unha lóxica evolución do mesmo con altas e baixas de solicitantes.

O Rexistro inclúe os demandantes de vivenda protexida. Os adxudicatarios das mesmas causan baixa no momento da adxudicación. Pero non causan baixa os beneficiarios de axudas ao alugueiro, axudas ao alugueiro para persoas en situación de vulnerabilidade pola Covid-19, Bono de alugueiro social e Bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero. Polo que a realidade é que unha parte das persoas inscritas no rexistro xa están a recibir da Xunta axudas para o pago do alugueiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:58:25
Nº Rexistro: 28440
Data envío: 20/01/2022 10:58:25.382

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:58:20

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19185**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"a avaliación por parte do Goberno galego da actual situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, as razóns do incumprimento dos obxectivos previstos ao respecto no Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, e as súas intencións en relación co impulso de novas medidas para rebaixar a espera e a saturación dese rexistro"**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Non existe colapso no Rexistro de Demandantes de Vivenda, senón unha lóxica evolución do mesmo con altas e baixas de solicitantes.

O Rexistro inclúe os demandantes de vivenda protexida. Os adxudicatarios das mesmas causan baixa no momento da adxudicación. Pero non causan baixa os beneficiarios de axudas ao alugueiro, axudas ao alugueiro para persoas en situación de vulnerabilidade pola Covid-19, Bono de alugueiro social e Bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero. Polo que a realidade é que unha parte das persoas inscritas no rexistro xa están a recibir da Xunta axudas para o pago do alugueiro".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:58:15
Nº Rexistro: 28439
Data envío: 20/01/2022 10:58:15.866

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:58:12

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19200**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a área protexida dos penedos de Pasarela e Traba, entre os concellos de Vimianzo e Laxe"**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª do pasado 16 de setembro de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 18551.

Na súa intervención, a directora xeral destacou as actuacións levadas a cabo pola Xunta en relación á conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 16 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

id=OTdkMmQ2NmItZTI2Ni00ZDk5LTg2ZTUtZmJjNzFjMDBlNGIx&start=57 "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:58:08
Nº Rexistro: 28438
Data envío: 20/01/2022 10:58:08.554

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:58:04

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19245**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 23 de xuño de 2021 pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 16924.

Na súa intervención, a conselleira destacou o bo funcionamento do complexo medioambiental de Cerceda e fixo balance da actividade que se realiza nestas instalacións.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o 23 de xuño de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-06-23?part=29462f95-9040-4430-ad5b-6201b3185050&start=1486>

Posteriormente, o 8 de xullo de 2021, o presidente de Sogama compareceu ante a Comisión 2º:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-07-08?part=ca9358cc-156a-4016-9f3e-c716a5a7b77c&start=129> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2022 10:57:59
Nº Rexistro: 28437
Data envío: 20/01/2022 10:57:59.492

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2022 10:57:57

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19438**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación co uso de cans de asistencia para promover a autonomía persoal”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia reconece e garante, na Comunidade Autónoma de Galicia, a toda persoa que como consecuencia da súa discapacidade deba ser acompañada dun can de asistencia o seu dereito a acceder, deambular e permanecer con el en calquera lugar, establecemento ou transporte de uso público, con independencia da súa titularidade pública ou privada.

A disposición derradeira primeira da Lei 10/2003 faculta á Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para desenvolver esta lei.

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación desta norma, nestes momentos é evidente a necesidade de desenvolver o citado marco regulamentario para que este se adapte á realidade actual e que ampare o dereito das persoas con discapacidade que necesitan da axuda dun can de asistencia a acceder á contorna e, polo tanto, a unha participación social accesible e efectiva.

Á súa vez, é tamén importante recoñecer o papel relevante destes animais na sociedade e a obriga que teñen tanto os seus adestradores e adestradoras como as súas persoas propietarias e usuarias, de prestarlles os cuidados precisos para o seu benestar e para que poidan adquirir a madurez física e emocional adecuadas para prestar un servizo de calidade indispensable ás persoas con discapacidade en Galicia.

Así pois, co obxecto de clarificar, simplificar e desenvolver o citado réxime xurídico de aplicación ao acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia en Galicia, a regulación do recoñecemento, a perda e a suspensión da condición de can de asistencia e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar os requisitos e as condicións da



especialización das persoas adestradoras de cans de asistencia e os que deberán cumprir os centros de adestramento e os seus empregados e dependentes para obter a homologación, a Consellería de Política Social iniciou no ano 2020 a tramitación do anteproxecto de decreto polo que aproba o regulamento da lei 10/2003, 26 de decembro, regulador dos cans de asistencia para persoas con discapacidade.

Proximamente, de acordo co establecido na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á aprobación deste anteproxecto de decreto, iniciárase unha consulta pública, a través do portal de Transparencia e Bo Goberno, co obxecto de recoller a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas por esta norma.

Logo da aprobación desta norma, desenvolveranse campañas informativas e de sensibilización nos distintos ámbitos da nosa sociedade co fin de dala a coñecer e fomentar a sensibilización social neste eido. Por último, no Plan Anual Normativo 2022 do Goberno central figura a elaboración dun novo Real decreto de Cans de asistencia, que ten por obxecto substituír o actual marco regulatorio da tenencia de cans guía, por un réxime legal que abarque todos os aspectos relativos á tenencia de cans de asistencia, en tanto que cans que prestan apoio a calquera persoa afectada por calquera tipo de discapacidade ou enfermidade, non soamente visual, co obxectivo de facilitar a súa autonomía persoal. Polo que esta normativa terase en conta á hora de elaborar a normativa autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:51:08
Nº Rexistro: 28105
Data envío: 18/01/2022 11:51:08.497

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:51:05

CSV: BOPGDSPG-eVveUJP1K-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19552**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, nomeadamente, da escola infantil As Galeras, de Oleiros”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En relación á situación dos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, indicar que o Goberno galego está a cumprir o acordo asinado en marzo de 2017 cos sindicatos CC.OO, UGT e CIG para a integración do persoal deste ente autonómico no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

A través deste acordo, que ademais foi ratificado por unanimidade polos catro comités provinciais de empresa do Consorcio, fóronse mellorando as condicións laborais do persoal deste ente público, con medidas como a equiparación tanto do salario como da xornada laboral e do réxime de permisos, licencias e vacacións co resto do persoal da Xunta de Galicia ou o pago de trienios; entre outras cuestións que se recollen no texto.

Este acordo tamén preveía que as prazas do persoal do Consorcio ocupadas interinamente por persoal temporal ou indefinido non fixo serían incluídas na Oferta de Emprego Público (OPE) da Xunta de Galicia, tal e como se fixo en 2020 e 2021. Recentemente, en decembro de 2021, aprobouse a nivel estatal a ‘Lei 20/2021, de 28



